




XUNTA
DE GALICIA

xunta.gal



PODA DA VIDE

TALLER PRÁCTICO

16 de novembro de 2023

Estación de Viticultura
e Enoloxía de Galicia

Ponte San Clodio s/n, 32428 Leiro
(Ourense)

PROGRAMA

» 9:00-9:30

- » Recepción e presentación do taller práctico

» 9:30-11:00

- » Bases teóricas da poda e dos sistemas de condución.
Podas respectuosas coa canle da savia.
Julián Palacios. Viticultura Viva.

» 11:00-11:30

- » Café e traslado á leira

» 11:30-14:00

- » Práctica da poda en cordón Royat.
Julián Palacios. Viticultura Viva.

» 15:00-18:00

- » Continuación práctica da poda de formación e de mantemento en Guyot.
Julián Palacios. Viticultura Viva.o. Tecnóloga especialista en Enoloxía

OBXECTIVOS

A poda é unha das accións máis importantes no cultivo da vide. Mediante a poda modificamos a súa estrutura orixinal, para convertela nunha estrutura produtiva que se manteña no tempo. Unha vez formada a cepa, é fundamental realizar unha boa poda de mantemento. A determinación da carga que hai que deixar en función do vigor da vide, así como realizar a execución de cortes ou que brotes utilizar como os mellores que se utilizarán como cargadores, son factores fundamentais que condicionarán a saúde e a produción dos acios para o ano seguinte.

Hai unha tendencia moi marcada a manter unha estrutura da cepa adaptándoa a un sistema de condución estable, como é a espaleira, que facilita o manexo do cultivo, pero xera unha gran cantidade de madeira morta dentro da cepa, o que limita o seu bo funcionamento. Hoxe sábese que é necesario darlle maior importancia a que a savia circule libre de obstáculos.

Actualmente, e como consecuencia dunha viticultura cada vez máis intensiva, dedícaselle moi pouco tempo á poda, e existe ademais unha importante falta de man de obra cualificada.

Con este obradoiro preténdese formar viticultores e técnicos na poda respectuosa coa planta, o que propicia que os viñedos duren máis anos cun mellor estado sanitario e produtivo.

Destinatarios

- » Agricultores, viticultores ou gandeiros activos con producións con orientación comercial, cotitulares ou colaboradores familiares das explotacións.
- » Titulares, asalariados ou con contratos a proba dunha explotación agraria, industria transformadora, asociación profesional (exemplo: adega, consello regulador), ou empresa de servizos agrarios.
- » Persoas en idade laboral con expectativas de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora (exemplo: adega, consello regulador).
- » Investigadores relacionados coa actividade, traballadores de empresas relacionadas co sector ou público en xeral, sempre e cando haxa prazas dispoñibles.
- » Público en xeral

Número de prazas: 30

Data de inscrición: ata o 13 de novembro de 2023



SOLICITUDES

Os interesados deberán preinscribirse na actividade a través da páxina web da Consellería do Medio Rural no seguinte enlace:

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/acciones-formativas>

A súa inscrición será confirmada a través do enderezo electrónico.



Plan de formación ao agro galego 2023

» ORGANIZA

Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega)

» COLABORAN

